


# CARACTERÍSTICAS E POTENCIALIDADES DO LIBRO ILUSTRADO DE NON FICCIÓN

**Montse Pena Presas**

**Universidade de Santiago**

([montserrat.pena@usc.es](mailto:montserrat.pena@usc.es) , @penapresas)



# Cal é a idea desta sesión?

---


Introdución ao  
concepto dos libros de  
non ficción

---


Actividade grupal de  
práctica de análise  
destas obras



# Que entendemos por libros de non ficción?




# Cales son as súas principais características?





# Tres características fundamentales: materialidade, apelación á emoción e hibridación



**MATERIALIDADE  
CHAMATIVA**



A precisión deixa paso a un discurso no que o lector interacciona co texto, tamén emocionalmente, e decide.  
**REFLEXIONAR É MÁIS  
IMPORTANTE QUE COÑECER**



**APELACIÓN Á  
EMOCIÓN**

# Tres características fundamentais: materialidade, apelación á emoción e hibridación

- Cada vez hai máis libros de non ficción que introducen recursos propios da ficción no seu desenvolvemento, xustamente por esa apelación á cuestión "emocional"



**DIFERENTES NIVEIS DA EVIDENCIA DE FICCIONALIZACIÓN**



# Máis hibridación: os libros de ficción que empregan recursos da non ficción



Pensados para atraer a un lectorado que coñece as formas da non ficción



Variabilidade nas apostas textuais



Froito da evolución editorial




FRONTEIRAS ENTRE FICCIÓN E NON FICCIÓN CADA VEZ MÁIS DESDEBUXADAS

CONTINUUM ENTRE A LECTURA EFERENTE E A ESTÉTICA

# Algunhas temáticas relevantes dos libros de non ficción sobre ciencias



Coñecemento da contorna e dos ciclos da natureza dende diferentes perspectivas



Mundo animal, en todas as súas formas, incluíndo hábitats



Monografías sobre o universo, tamén dende perspectivas filosóficas




Desenvolvemento da conciencia ecocrítica



Biografías de científicas




# Algunhas temáticas relevantes dos libros de non ficción sobre ciencias




Monografías sobre o corpo humano



Miscelánea de preguntas de contido científico




Coñecemento dos diferentes ecosistemas, a diferentes niveis



E non podemos esquecer que hai outras cuestións que non son tan habituais

Que criterios  
empregariades  
vós para  
seleccionar  
libros de non  
ficción?



different eyes see  
different things

ye sees






## As respostas dos nosos estudantes a esta pregunta...

- Os criterios máis mencionados están relacionados co **contidos > deseño > ilustracións > texto**. Destaca a importancia que lle dan ao deseño en comparación coas obras de ficción.
- As mestras e mestres en formación non parecen saber como ten que ser o texto dun libro informativo de ciencias. Ás **ilustracións** pídenselles que sexan, sobre todo, **reiterativas**.
- Pese a que lle dan importancia aos contidos, só 6 dos 22 grupos mencionan a importancia de que a información sexa **fiable a nivel científico**. (Pena e Blanco, 2022)



# Crterios de seleccin de libros de non ficcin (unha tentativa)



# Por que ler non ficción?

# Por que usar a non ficción nas aulas?

- O novo contexto sociocultural xurdido da sociedade dixital: modificación nos modos de lectura.
- Curiosidade como complemento indispensable de moitos destes libros: a idea da "lectora curiosa".
- A escola adoita formar para o "lector literario" (dende a El ata Bacharelato), mais non tanto para o "lector curioso", o da non ficción.
- "Libros de non ficción como elemento fundamental no acceso á información, dende a formación de lectores críticos e competentes". (Casany, 2003)
- Algúns autores consideran a non ficción un apoio para a permantente crise da lectura.
- Estudos recentes (Trigo-Ibáñez, Sánchez-Arjona e Sáiz-Pantoja, 2023) demostran que docentes apelan a unha maior motivación e curiosidade do alumnado que usa LNF ao que usa libro de texto.

# Algunhas claves (textuais) se queremos valorar o texto dun libro de non ficción

Adaptación de Romero,  
Trigo, Heredia e Romero,  
2022

| ANÁLISE TEXTUAL DAS OBRAS DE NON FICCIÓN |                                                                                                                                                                                                               |
|------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Público primario ao que se dirixe        | Prelectorado, lectorado en formación, lectorado autónomo, lectorado adolescente                                                                                                                               |
| Concepto de información                  | -Enfoque obxectivo (desenvolvemento de conceptos)<br>-Enfoque subxectivo (achega unha visión persoal sobre certos conceptos)                                                                                  |
| Nivel léxico                             | Científico (moi técnico e especializado)/Literario (recursos e figuras retóricas)/ Divulgativo                                                                                                                |
| Estrutura da obra                        | -Lineal<br>-Por capítulos ou seccións temáticas<br>-Paralela (se se alternan varias historias a un tempo)<br>-Experimental (se se integran, na mesma obra, varios tipos de estrutura)                         |
| Tipoloxía textual                        | -Descritiva<br>-Instrutiva<br>-Expositiva<br>-Argumentativa<br>-Narrativa<br>-Lírica<br>-Dramática                                                                                                            |
| A voz do texto                           | -Preséntase unha voz científica<br>-Preséntase unha voz divulgativa<br>-Preséntase unha voz que apela ao lectorado<br>-Outras (especificar)                                                                   |
| O enfoque da información                 | -Suxírese completar con fontes diferentes a partir do exposto<br>-Suxírese realizar determinadas actividades e experimentos coa obra<br>-Preséntase unha bibliografía específica para os diferentes apartados |
| Interartisticidade                       | -Establécense relacións co cine<br>-Establécense relacións coa música<br>-Establécense relacións coa pintura<br>-Establécense relacións coa literatura<br>-Outras                                             |



# Obxectivos e actividades con este tipo de obras



| Obxectivos                                               | Actividades                                                                                                                    |
|----------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| -Iniciar e profundizar en temas e proxectos determinados | -Suscitar o interese pola obra a partir do seu título, da súa materialidade ou da súa temática. Amosalo como un "agasallo"     |
| -Buscar información específica                           | -Propoñer retos ou pequenas probas a grupos, niniwebquest<br>-Actividades que empreguen un tipo de lectura "scan".             |
| -Favorecer a lectura comprensiva                         | -Ler estas obras de maneira grupal e acompañada                                                                                |
| -Favorecer o desenvolvemento da lingua oral              | -Preparar a partir delas debates ou exposicións sobre un tema determinado                                                      |
| -Promover a produción escrita                            | -Escrita de textos expositivos, informativos, argumentativos, instrutivos ou literarios a partir do modelo que propicie a obra |
| -Promover a creatividade                                 | -Elaboración de maquetas, desenvolver intereses novos                                                                          |

# Que ocorre se queremos achegar libros de non ficción en galego?

- Para as persoas a partir da franxa de 34-25 anos, **o castelán é a lingua habitual**, cunha porcentaxe do 51,4%, que se vai elevando segundo se baixa a idade
- Hai unha aposta real das editoras por facer libros de non ficción verdadeiramente interesantes dende todos os ángulos?
- Algunhas tentativas: a colección "Lanterna de cores" de Galaxia, as apostas da editorial Baía, a colección Seica de Xerais. Todas as propostas son válidas dende unha perspectiva crítica?
- Algúns nomes propios: Luisa Martínez Lorenzo e María Canosa
- Máis inconvenientes para levalos á aula que acertos.



# Algunhas xoias do fondo galego





# Posibilidades didácticas

Usariamos este libro de non ficción na nosa aula?

Para que o usariamos?

Como o usariamos?

Proporiamos algunha actividade de tipo transversal con el?

Que problemáticas observamos (se é que observamos algunha) para levalo á aula?




---


## Bonus track: e ti, se foses un libro de non ficción, cal serías?

- Por que serías ese libro?
- Que che suscitou a súa lectura?
- Que aprendizaxes tiveches con el?
- Que emocións che provoca?
- Pensas que coa non ficción establecemos o mesmo tipo de relación que coa ficción?

# Para saber más



EL TÉRMINO «NO-FICCIÓN» SEÑALA LA APERTURA DE LOS RASGOS DISTINTIVOS DEL TRADICIONAL LIBRO INFORMATIVO Y ES SÍNTOMA DE UNA MUTACIÓN DE ESTILO. CABE PREGUNTARSE ACERCA DE ESTOS CAMBIOS Y DE LAS CUESTIONES QUE INDICAN SU RELACIÓN CON LA CRISIS DEL PENSAMIENTO INTRODUCIDA EN EL SIGLO XX, **ALFABETO DEL LIBRO DE CONOCIMIENTOS** Y CON **PARADIGMAS DE UNA NUEVA ERA** LOS PARADIGMAS ASOCIADOS AL DESARROLLO DE LAS SOCIEDADES DEL CONOCIMIENTO. SI ASÍ FUERA, TENDRÍAMOS EN ESTOS LIBROS UNA HERRAMIENTA PARA ENFRENTAR LOS DESAFÍOS SOCIALES, INTELECTUALES Y EDUCATIVOS QUE EL SER HUMANO DE NUESTRO TIEMPO TIENE ANTE LA CRISIS DE LA CIVILIZACIÓN OCCIDENTAL. ANA G. LARTITEGUI





# Bibliografía específica

- Casany, D. (2003). Aproximaciones a la lectura crítica: teoría, ejemplos y reflexiones. *Tarbiya* (32), 113-132.
- Pena, M. e Blanco, B. (2022). "Como seleccionamos os libros informativos para traballar as ciencias en Educación Infantil?" Comunicación presentada no I Congreso Internacional de Educación Artística e Literaria. Santiago de Compostela, 16, 17 e 18 de novembro de 2022.
- Romero, M.F; Trigo, E.; Heredia, H.; e Romero, C. (2022). Claves para caracterizar un libro de no ficción. En R. Tabernero (coord.), *Leer por curiosidad. Los libros de no ficción en la formación de lectores*. Graó.
- Trigo-Ibáñez, E.; Sánchez-Arjona, E.; e Sáiz-Pantoja, R. (2023). Libros ilustrados de no ficción, alternativa al libro de texto: ¿deseo o realidad?. *Revista Colombiana de Educación* 89, 409-434.

**MOITAS GRAZAS POLA  
VOSA ATENCIÓN**

